



Vista a proposta de designación dun asesor especialista que formula o Tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión de prazas da Escala técnica de especialistas (subescala cooperación e voluntariado) da Universidade da Coruña, convocadas por Resolución de 6 de novembro de 2019, para colaborar con este tribunal,

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, e tendo en conta o previsto no art. 7º do Decreto 95/1991, de 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) que aproba o regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVE:

Nomear asesor do devandito tribunal a Jesús Manuel Barreira García, coordinador da área xestión económica e administrativa, para prestar apoio na corrección do 2º exercicio da fase de oposición, co dereito a percibir por este cometido unha gratificación igual a que percibe un vogal deste tribunal por cada sesión.

A Coruña, 23 de xuño de 2021

O xerente,

Ramón del Valle López